

'Padre Sarmiento'

Coa exposición dun avance do programa científico e cultural, a cargo do seu director, Eduardo Pardo de Guevara, hoxe celebrárase o acto de apertura do curso do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento. O acto estará presidido polo

titular da Consellería de Cultura, Xesús Pérez Varela, e a conferencia inaugural será lida por Adeline Rucquois, do Centre National de Recherche Historique, de Francia, que falará sobre *Compostela no século XII. Un foco de cultura*.

CULTURA

A REAL ACADEMIA GALEGA A DEBATE

"Isto é un acto político"

En 1987, a AELG ocupou a Academia Galega para esixir a demisión do seu presidente, García Sabell, por ser ó tempo delegado do Goberno central e apoiar un recurso a Lei de normalización.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) ocupou en 1987 a sede da Real Academia Galega para esixir

demisión do seu presidente, Domingo García Sabell, por apoiar un recurso á Lei de normalización lingüística e

compaxinar o seu cargo co de delegado do Goberno central. Deste xeito, sublinaban os escritores, Galicia era o único país do mundo en que o xefe da policía levava tamén as rédeas do máximo órgano lingüístico.

SANTIAGO

Antón Lopo

"Isto é un acto político". Así de contundente foi a tarxeta de presentación que o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín puxo por diante cando os membros da Asociación de Escritores, entre eles Uxío Novoneyra, Manuel Lueiro, Antón Reixa, Avilés de Taramancos e Lois Rodríguez, tomaron a Real Academia Galega o trece de xuño de 1987, festividá de Santo Antonio, o patrón dos imposibles. Juan Carlos Naya, custodio da institución tra-la "recreación" que se formalizara en 1942, non daba creto ós acontecementos e inmediatamente telefonou a Sabell, quis asistía a un xantar na Capitanía coruñesa.

Anque Naya estaba nervioso e lle pediu a Sabell que se achegase o antes posible á sede da academia, na rúa Panadeiras da Coruña, o presidente non tomou excesivas presás. Acabou o xantar tranquilamente e non apareceu nas Panadeiras ata pasada unha hora. A Uxío Novoneyra, testemuño de excepción daquela ocupación, o que máis lle impresionou foi o rostro de Sabell: "Por primeira vez, viu unha persoa que literalmente quedaba lizada".

Nunca antes os escritores se enfrentaron tan abertamente á RAG, á que se lle criticaba, "vivir de costas á realidade máis viva e creativa do país, presuntando o seu apoio a institucións e persoas de traxección marcadamente anti-galega e sen exercer a función liberadora para a que fora creada". Sentado tra-la mesa do seu despacho, García Sabell oíu con "frialdade" —segundo sublinan as crónicas periodísticas— o texto que en

nome da AELG lle liña o seu presidente, Antón Avilés de Taramancos.

A pinga que colmara a paciencia dos escritores

fora a recente celebración do Día das Letras Galegas, dedicado aquél ano a Francisca Herrera Garrido e capitalizado nos actos

académicos polo alcalde da Coruña, o socialista Francisco Vázquez. Sen embargo, a indignación arrastrábase xa desde ha-

bfa tempo e relacionábase co apoio da RAG ó recurso presentado polo Partido Socialista Obrero Español contra a Lei de normalización lingüística —que acabaría por variála en varios puntos— e ó feito de que García Sabell fose "o xefe dos corpos represivos e o presidente dunha entidade que debería estar dirixida á liberación da persoa", espetou Novoneyra, farto das desculpas coas que o presidente intentaba xustificar as súas actuacións, entre elas "o problema económico".

Con todo, engadiu, "a RAG está cumplindo unha función patriótica en defensa da lingua áinda que, aparentemente, non apareza así" e como exemplo puxo o "frecuente uso que fai do idioma galego nos libros que publica".

Ausencia de escritores

"Fixemos unha ocupación da Real Academia Galega porque, en tanto que escritores galegos, temos dereito de facelo", asegurou Xosé Luís Méndez Ferrín ó acabar a toma da institución. A inclusión de escritores entre os académicos xa fora tratado amplamente no encerro. O propio Méndez Ferrín, salientara que a RAG tiña o estralo privilexio de ser unha academia "onde a xente non quere entrar, senón darse de baixa". Nes-

caso e de Uxío Novoneyra, membros correspondentes demisionarios, ou do filólogo Isidoro Millán, académico numerario que abandonara a entidade.

A situación, desde entón, non variou excesivamente. Ningún dos escritores que participou na ocupación —desde Manuel María a Fernández Vello, pasando por Paco Martín e Pilar Pallarés— accederon á RAG, nin tampouco ningún dos afiliados daquela AELG, agás Salvador

García Bodaño. O pouco aprecio que a institución sente polos escritores é paralelo ó que os escritores senten pola institución. Suso de Toro, que hai un mes asinou canda Ferrín e Manolo Rivas un manifesto para reclamar un maior dinamismo da entidade, confesou recentemente que tiña un papel no que asinara a súa vontade de non entrar na academia. "E se algunha vez cometero o contrasentido de entrar, pido por favor que me boten en cara".

Lorca

A Comisión Nacional Organizadora dos actos do Centenario de Federico García Lorca presentará hoxe no Auditorio do Conde Duque de Madrid o programa oficial das celebracións previstas para esta conmemoración. Os obxec-

tivos do acto, que será un espectáculo-homenaxe á figura e obra de García Lorca, son os de chama-la atención sobre a imminencia da celebración do Centenario do poeta da Fuentevaqueros, que terá lugar ó longo do vindeiro ano.

Casalderrey cre que non se lle presta moita atención ás escritoras

SANTIAGO
Redacción

Fina Casalderrey, a escritora galega galardoadha este ano co Premio Nacional de Literatura Infantil, asegurou nunha entrevista á axencia Europa Press que o galardón non significa ningunha meta na súa carreira, "porque cando un se fixa unha meta, suponse que xa non ten nada máis que decir e a miíndia me queda moi poco".

Casalderrey, que foi a única muller premiada este ano, valora este feito como unha mostra de que "hai pouco recoñecemento ó labor das escritoras" e reclama para elas "unha maior atención". Creo que o ideal sería chegar a falar, non de homes e mulleres, senón de obras escritas que merezan a pena. Sería importante falar das mulleres non polo seu sexo senón polo seu traballo".

O novelista norteamericano James Michener decidiu que se deixara morrer

NOVA YORK
Efe

O famoso novelista estadounidense James A. Michener, de 90 anos, pode morrer calquera día porque optou por interromper la dialise renal que o mantén con vida desde hai anos, informou onto o *Daily News*. "Decidiu que non quere seguir viviendo así", dixolle ó diario unha fonte próxima ó autor de títulos como *The Covenant, Centennial, Hawaii* e *The Source*.

A saúde do novelista, que tiña que someterse á dialise tres veces por semana, empeorou recentemente, segundo o diario.

A semana pasada non pudo participar, por circueto cerrado de televisión, nunha homenaxe da Universidade de Colorado con motivo da creación da biblioteca que albergará todos os seus papeis.



Fotografía da ocupación da AELG extraída da crónica de 1987 publicada por EL CORREO GALLEGO

CORREO